



[24/5/2025 - 7/6/2025] I Xornadas Mulleres Libres Vigo

CNT-VIGO :: 19/05/2025

Coa finalidade de dar visibilidade ás diversas loitas e problemáticas específicas protagonizadas por compañeiras

Dende CNT-VIGO presentamos a primeira edición das **xornadas “Mulleres Libres”**.

Xa que un dos obxectivos destas xornadas é tamén facer unha labor de difusión histórica da práctica organizativa que por diversos motivos consideramos afín, procuramos programar dentro das nosas posibilidades unha escolma daquelas loitas e fitos organizativos pasados e presentes á marxe da súa transcendencia e actualidade.

Deste xeito queremos tratar de facer unha labor de difusión das loitas e materiais divulgativos de diversa índole que poidan servir para xerar cultura militante e a sensibilidade social necesaria para favorecer o apoio e xérmolo destas e outras loitas que esperamos que saian á luz e sexan protagonizadas e organizadas polas nosas compañeiras.

Nesta primeira edición das Xornadas Mulleres Libres tocaremos diversas temáticas pasando pola organización obreira, o antifranquismo, as problemáticas específicas do carcerario que afectan á poboación feminina, a actualidade do xenocidio e as problemáticas das mulleres en palestina e a organización revolucionaria protagonizada e organizada por mulleres en Rojava.

Dende CNT-VIGO convidámosvos pois a difundir e asistir a estas e futuras **Xornadas de Mulleres Libres**

https://www.lahaine.org/mm_ss_est_esp.php/24-05-2025-07-06